

Dentro do proxecto Ágora-Tecnoloxía para potenciar o coñecemento sobre as TIC

Maiores, tecnolóxicos e conectados

Estudantes sénior dos sete campus galegos participan nun seminario en liña sobre o uso de Whatsapp e Skype

inShare

Delicious

Duvi | Vigo

As redes sociais, as aplicacións de mensaxería instantánea, as plataformas de compra en liña... son moitas as ferramentas tecnolóxicas que están a cambiar o xeito de relacionarse das persoas e de vivir nun mundo globalizado. Se ben as novas xeracións son nativas dixitais ou teñen unha rápida adaptación a esta contorna tecnolóxica, para as persoas de máis idade coñecer, adaptarse e incluír as TIC na vida diaria pode ser un reto. Neste contexto xurde o proxecto Ágora-Tecnoloxía, unha iniciativa impulsada polo Programa de Maiores da Universidade de Vigo e na que participan os sete campus galegos. Trátase dunha plataforma en liña de difusión e formación na que se combinan modalidades tradicionais presenciais con modalidades dixitais que ten como obxectivo crear un novo modelo de acceso ao coñecemento baseado na innovación e a aplicación de novas tecnoloxías co fin de potenciar a creación dun ecosistema da aprendizaxe que se erixa no referente nacional. A través do Canal Sénior ábrese así unha porta de acceso a un mundo de coñecementos para proveito tanto do estudiantado dos programas de maiores das universidades galegas como de calquera cidadán.



A posta de longo deste programa tivo lugar este martes, co arranque do primeiro curso en liña organizado pola Asociación de Alumnos Universitarios Sénior de Vigo, Aulas de Formación Aberta, en colaboración con Fegaus (Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior) que se centrou en dúas aplicacións de uso moi habitual, o WhatsApp e o Skype. O obradoiro, que se celebrou ao longo da mañá na Escola Universitaria de Estudos Empresariais, tamén se puido seguir a través de internet, como fixeron os estudantes sénior dos sete campus galegos. Ademais a actividade contou coa conexión de persoas interesadas dende aulas Cemit, sedes de AFundación e centros de asociacións veciñais de Galicia, así como particulares dende lugares como Valladolid ou Palencia. No acto de apertura participaron Patricio Sánchez, director da EU de Estudos Empresariais onde ten a sede o Programa para Maiores, e Fernando Devesa, presidente

asociación de Aulas de Formación Aberta, que destacaron a importancia e necesidade da formación, non só académica, dos maiores, e puxeron en valor temas complementarios como as novas tecnoloxías, “que serven para propagar coñecementos e teñen un lugar cada vez máis importante na vida e nas sociedades”, destacaba Devesa.



A importancia da seguridade

No obradoiro abordáronse os aspectos prácticos e técnicos destas ferramentas, pero fíxose especial fincapé no uso responsable e eficiente destas tecnoloxías entre os maiores das universidades galegas. Como recoñecía Patricio Sánchez, “se hai anos nos dixesen que poderíamos ter teléfonos para chatear en tempo real, ver a xente como se estivese ao lago, comprar, compartir fotos e vídeos, etc, no creríamos o que hoxe é unha realidade”. Neste contexto cobra unha importancia fundamental a formación, como lles explicaron aos asistentes no curso, para usalar estas aplicacións e programas "de forma segura e ser quen de sacarles partida sendo conscientes do que se comparte de verdade e de como protexer o dispositivo e os datos”.



Próximos cursos

Durante esta semana desenvolveranse outros dous seminarios, un sobre trámites en liña e compras por internet e outro sobre redes sociais, o primeiro retransmitido dende a sede de Afundación en Ferrol e o segundo dende a da Coruña. A vindeira semana terán lugar outros catro cursos que terán lugar presencialmente en Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela, pero que se poderán seguir por internet. Nestes casos, o alumnado dos programas séniors terá a ocasión de achegarse á fotografía e vídeo dixital, a seguridade en internet, o uso dos teléfonos intelixentes como guía para viaxes e actividades culturais e a administración electrónica para citas médicas ou outro tipo de solicitudes.